




### **OBRADOIRO DE ELABORACIÓN ARTESANAL DE PAPEL**

Do 11 ao 13 de abril desenvolveuse no centro un obradoiro sobre a elaboración artesanal de papel a partir de fibras naturais, neste caso algodón. A actividade celebrouse baixo a dirección de Marta Mata e contou coa colaboración do Centro de Artesanía e Deseño, dependente da Deputación Provincial de Lugo

### **LECTURAS REPRESENTADAS**

Durante este trimestre, os nenos e nenas de todos os cursos/ciclos levaron a cabo a representación dunha lectura. Foron verdadeiros artistas:

Infantil representa unhas poesías: "A lúa" "Cinco" e "Crocodilo"; 1º de educación primaria a obra "A merliña"; 2º de educación primaria "Ovelliña, dáme-la"; o 2º ciclo "A clase de Ceboliño" e o 3º ciclo "O libro dos porqués"



### **VALADOS**

O día 5 de maio de 2011, os alumnos e alumnas de 1º, 2º e 3º ciclo de educación primaria asistiron ao auditorio Carmen Estévez de Vilalba a representación teatral "Valados" baseada no texto "Valados" de Agustín Fdez Paz. O espectáculo, a través da música, danza e teatro fai unha reflexión ó noso interior; é unha mensaxe ó mundo, para que tódalas persoas volvan a crer en si mesmos.

### **XORNADA DE CONVIVENCIA CO CEIP TERRA CHA DE ROMÁN**

O próximo día 26 de maio de 2011, visítanos o 3º ciclo de educación primaria do CEIP de Terra Cha. Vai ser unha xornada de convivencia na que imos facer e recordar xogos populares: carreira de sacos, o pano, o brilé, a mariola,... son algúns dos xogos que temos programados. Esta actividade foi programada e coordinada polos equipos de normalización lingüística dos dous centros.





### **LETRAS GALEGAS \_ MAIOS 2011**

Este venres, 13 de maio, imos celebrar o Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Lois Pereiro. Tamén teremos a festa dos Maios: haberá cantigas, xogos, desfile, escollerase o rei e a raíña dos Maios,...



### **ASÍ FOI A NOSA ESCOLA...**

O ano pasado fixemos unha exposición etnográfica, ao longo do 3º trimestre, que foi un rotundo éxito grazas á importantísima colaboración de pais/nais/mestras. Este ano decidimos facer una nova exposición pero recordando como eran as escolas. Estamos recollendo materiais e todo indica que vai ser moi interesante visitala. O curso que ven, O CEIP Monseivane cumpre 25 anos e queremos manter esta exposición ata esa celebración.

### **COMENIUS**

Unha vez máis temos intención de participar nun novo proxecto Comenius. Actuamos como centro coordinador e temos centros asociados en Portugal, Italia, Alemaña, Reino Unido, Bulgaria e Turquía. Os temas a desenvolver son os xogos tradicionais e a historia dos nosos colexios.



### **PROGRAMA ARCE**



Tamén queremos renovar a nosa participación no Programa Arce, de Agrupación de Centros Educativos, programa coordinado polo Ministerio de Educación. Temos centros asociados en Las Palmas, Mallorca e Algeciras. O tema que pretendemos desenvolver trata sobre os catro elementos da natureza: Auga, Aire, Terra e Fogo. Xa vos informaremos.

Máis información na nosa páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane>  
Teléfono e fax: 982511404  
Email: [ceip.monseivane@edu.xunta.es](mailto:ceip.monseivane@edu.xunta.es)